



CONCELLO DA LARACHA

SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO O DÍA 23 DE MARZO DO ANO 2016

No Salón de Sesiões da Casa Consistorial do Concello da Laracha, sendo as 13 horas e 32 minutos do día 23 de marzo do ano 2016, baixo a Presidencia do sr. Alcalde, José Manuel López Varela, coa asistencia dos sres. concelleiros que se relacionan, reúnese o Pleno da Corporación para celebrar, en primeira convocatoria, sesión ordinaria convocada para este día.

PRESIDENTE

JOSÉ MANUEL LÓPEZ VARELA

CONCELLEIROS

Grupo político municipal P.P.

JOSÉ RAMÓN MARTÍNEZ BARBEITO

JESÚS SOUTO PENA

RAMIRO BELLO RECOUSO

ALBERTO FUENTES PREGO

JOSÉ ALBERTO BLANCO VEIGA

PATRICIA M^a. BELLO CANEDO (Incorpórase á sesión ás 13:35 horas)

MARÍA DEL ROCÍO LÓPEZ REY

CRISTINA VIEITES CALVO

ADELINA LISTE MONELOS

ANTONIO FRAGA BOLÓN

ANA BELÉN RODRÍGUEZ VILAS

Grupo político municipal B.N.G.

XOAN MANOEL SANDE MUÑIZ

CAROLINA CASTIÑEIRAS BRANDÓN





Concello da Laracha

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413

C.I.F. P-1504200-E

www.alaracha.es

Grupo político municipal dos Socialistas de Galicia-PSOE

ELADIO VERDÍA GARCÍA (Incorpórase á sesión ás 13:37 horas)

JUAN CAAMAÑO REGUEIRA

Grupo político municipal Mixto

ANTONIO ANTELO AÑON

Asiste como secretario, o secretario da Corporación, Miguel Iglesias Martínez, que da fe do acto.

Asiste a interventora da Corporación, Rut Presas Pardo.

A continuación o sr. alcalde anuncia que procederán a gardar un minuto de silencio, segundo ven sendo costume, en repulsa a toda violencia ás mulleres vítimas de violencia de xénero, indicando que no que vai de ano 2016, segundo datos da Delegación do Goberno en Galicia, son 13 as vítimas.

A continuación procédese ao exame dos asuntos comprendidos na **ORDE DO DÍA.**

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.-

O sr. presidente pregunta si existe algún reparo ou obxección que formular á acta da sesión extraordinaria do 4 de marzo de 2016.

Non sendo formulada ningunha obxección, a acta é sometida a votación, quedando ***aprobada por unanimidade dos membros presentes.***

2.- EXPEDIENTE MODIFICACIÓN DE CRÉDITO, CRÉDITO EXTRAORDINARIO 01/2016.-





Concello da Laracha

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413

C.I.F. P-1504200-E

www.alaracha.es

O secretario da lectura ao ditame emitido pola Comisión Informativa Permanente de Asuntos Económicos, Facenda e Especial de Contas, en relación co presente asunto, onde se deu conta da proposta da Alcaldía relativa ao expediente de crédito extraordinario 01/2016 na que estima procedente tramitar o correspondente expediente de modificación de créditos coa seguinte xustificación, finalidade e contía:

“Ante a existencia de gastos que non poden demorarse ata o exercizo seguinte para os que non existe crédito axeitado no vixente Orzamento da Corporación.

Co gallo do cambio de Proxectos que van ser subvencionados polo Plan de Acción Social da Deputación Provincial da Coruña, cómpre imputar os Novos Proxectos solicitados ás Aplicacións Orzamentarias axeitadas á súa finalidade.

Cómpre aprobar un Crédito extraordinario para dar de alta as novas aplicacións financiado cos créditos que se dan de baixa nas Partidas dos anteriores proxectos.

PROPOÑO A ADOPCIÓN DO SEGUINTE ACORDO AO PLENO

PRIMEIRO. *Aprobar inicialmente o expediente de modificación de crédito n. º1/2016 do Orzamento en vigor na modalidade de crédito extraordinario, financiado con baixa de outros créditos de acordo ao seguinte detalle:*

Altas en Conceptos de Ingresos

Aplicación		DESCRICIÓN	Créditos iniciais	Modificación de crédito	Créditos finais
Progr.	Económica				
933	63200	Cambio en Cuberta no Polideportivo de Caión	0.00	69.558,69	69.558,69



**Concello da Laracha**

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413

C.I.F. P-1504200-E

www.alaracha.es

Aplicación		DESCRICIÓN	Créditos iniciais	Modificación de crédito	Créditos finais
Progr.	Económica				
1532	61901	Mellora e substitución de beirarrúas para o cumprimento das condicións de accesibilidade	0.00	168.102,94	168.102,94
		TOTAL		237.661,63	237.661,63

2. ° FINANCIAMENTO

Esta modificación financiase coas baixas dos créditos nas aplicacións Orzamentarias nos que estaban consignados os Proxectos anteriores, nos seguintes termos:

Baixas en Aplicacións de Gastos

Aplicación		DESCRICIÓN	Créditos iniciais	Modificación de crédito	Créditos finais
Progr.	Económica				
454	61900	Mellora na capa de rodadura dos camiños rurais nas parroquias de Coiro e Lemaio	75.796,59	75.796,59	0.00
454	61900	Afirmado e mellora da capa de rodadura de camiños rurais en Cabovilaño, Lendo e Soutullo	73.312,94	73.312,94	0.00
454	61900	Afirmado e mellora da capa de rodadura de camiños en camiño rural AC-400 Vista Alegre e Soandres	88.552,10	88.552,10	0.00
		TOTAL	237.661,63	237.661,63	0.00

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.alaracha.es> (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)."





Concello da Laracha

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413

C.I.F. P-1504200-E

www.alaracha.es

Ademais, queda acreditado o cumprimento dos requisitos que establece o art. 37.2, apartados a) e b), do Real Decreto 500/1990, do 20 de abril, polo que se desenvolve o Capítulo I do Título VI da Ley 39/1988, de 28 de diciembre, Reguladora de las Haciendas Locales, en materia de orzamentos, que son os seguintes:

a) O carácter específico e determinado do gasto a realizar e a imposibilidade de demoralalo a exercicios posteriores.

b) A inexistencia no estado de gasto do Orzamento de crédito destinado a esa finalidade específica, que deberá verificarse no nivel en que estea establecida a vinculación xurídica.

SEGUNDO. *Expoñer este expediente ao público mediante anuncio inserto no Boletín Oficial da Provincia, por quince días, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno. O expediente considerarase definitivamente aprobado se durante o citado prazo non se houberen presentado reclamacións; en caso contrario, el Pleno dispondrá de un plazo de un mes para resolverlas”.*

Durante a lectura do ditame incorpórase á sesión a concelleira do grupo político municipal do PP, María del Rocío López Rey, sendo as 13 horas e 35 minutos.

Antonio Antelo Añón, portavoz do grupo político municipal Mixto, anuncia que vaise a abster.

Juan Caamaño Regueira, concelleiro do grupo político municipal dos Socialistas de Galicia-PSOE, manifesta que tamén se absterán, incorporándose neste momento á sesión, sendo as 13 horas e 37 minutos, Eladio Verdía García, portavoz do grupo político municipal dos Socialistas de Galicia-PSOE.

Xoán Manoel Sande Muñiz, portavoz do grupo político municipal do BNG, di que votarán a favor deste 2º punto da orde do día así como dos puntos 3º e 5º cos que está relacionado, pois como xa dixeron no seu momento non vían o carácter social dos investimentos propostos, aínda que fora admisible segundo a interpretación do Presidente da Deputación, mais alédanse do cambio pois farase unha mellora da accesibilidade no casco urbano como xa plantexara o seu grupo político municipal hai anos a este Pleno.





Visto o informe da interventora, o asunto é sometido a votación, resultando que o Pleno da Corporación, co ditame favorable da Comisión Informativa Permanente de Asuntos Económicos, Facenda e Especial de Contas, adopta, *por catorce (14) votos a favor dos concelleiros dos grupos políticos municipais do P.P. e do BNG e tres (3) abstencións correspondente aos concelleiros dos grupos políticos municipais dos Socialistas de Galicia-PSOE e Mixto*, o seguinte **ACORDO**:

PRIMEIRO. Aprobar inicialmente o expediente de modificación de crédito n. º1/2016 do Orzamento en vigor na modalidade de crédito extraordinario, financiado con baixa de outros créditos de acordo ao seguinte detalle:

Altas en Conceptos de Ingresos

Aplicación		DESCRICIÓN	Créditos iniciais	Modificación de crédito	Créditos finais
Progr.	Económica				
933	63200	Cambio en Cuberta no Polideportivo de Caión	0.00	69.558,69	69.558,69
1532	61901	Mellora e substitución de beirarrúas para o cumprimento das condicións de accesibilidade	0.00	168.102,94	168.102,94
		TOTAL		237.661,63	237.661,63

2. º FINANCIAMENTO

Esta modificación financíase coas baixas dos créditos nas aplicacións Orzamentarias nos que estaban consignados os Proxectos anteriores, nos seguintes termos:

Baixas en Aplicacións de Gastos



**Concello da Laracha**

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413

C.I.F. P-1504200-E

www.alaracha.es

Aplicación		DESCRICIÓN	Créditos iniciais	Modificación de crédito	Créditos finais
Progr.	Económica				
454	61900	Mellora na capa de rodadura dos camiños rurais nas parroquias de Coiro e Lemaio	75.796,59	75.796,59	0.00
454	61900	Afirmado e mellora da capa de rodadura de camiños rurais en Cabovilaño, Lendo e Soutullo	73.312,94	73.312,94	0.00
454	61900	Afirmado e mellora da capa de rodadura de camiños en Camiño Rural AC-400 Vista Alegre e Soandres	88.552,10	88.552,10	0.00
		TOTAL	237.661,63	237.661,63	0.00

Ademais, queda acreditado o cumprimento dos requisitos que establece o art. 37.2, apartados a) e b), do Real Decreto 500/1990, do 20 de abril, polo que se desenvolve o Capítulo I do Título VI da Ley 39/1988, de 28 de diciembre, Reguladora de las Haciendas Locales, en materia de orzamentos, que son os seguintes:

a) O carácter específico e determinado do gasto a realizar e a imposibilidade de demoralo a exercicios posteriores.

b) A inexistencia no estado de gasto do Orzamento de crédito destinado a esa finalidade específica, que deberá verificarse no nivel en que estea establecida a vinculación xurídica.

SEGUNDO. Expoñer este expediente ao público mediante anuncio inserto no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios da Corporación, por quince días, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno.

TERCEIRO.- Aprobar con carácter definitivo, sen necesidade de novo acordo plenario o referido

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.alaracha.es> (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)."





expediente, se contra o mesmo non se presentasen reclamacións durante o período de exposición pública, en caso contrario, o Pleno disporá dun prazo de un mes para resolvelas.

CUARTO.- Publicar un resumo do Orzamento a nivel de capítulos, unha vez aprobada a modificación de créditos, no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios da Corporación, con ofrecemento dos recursos que en Dereito procedan.

QUINTO.- Remitir copia do expediente á Administración do Estado, así como á Xunta de Galicia para o seu coñecemento e efectos oportunos.

3.- MODIFICACIÓN DO ANEXO DE INVESTIMENTOS DO ORZAMENTO XERAL DO CONCELLO PARA O ANO 2016.-

O secretario da lectura ao ditame emitido pola Comisión Informativa Permanente de Asuntos Económicos, Facenda e Especial de Contas, en relación co presente asunto, onde se deu conta da proposta da Alcaldía relativa ao expediente de modificación do anexo de investimentos co seguinte detalle:

“Esta alcaldía propón ao Pleno do Concello a modificación do ANEXO DE INVESTIMENTOS, dando de alta unhas aplicacións orzamentarias e de baixa outras polo mesmo importe con motivo do cambio de Proxectos subvencionados polo PLAN DE ACCIÓN SOCIAL da Deputación Provincial Da Coruña.

PRIMEIRO. Aprobar inicialmente a modificación do ANEXO DE INVESTIMENTOS de acordo cos seguintes cadros:

INVESTIMENTOS DADOS DE ALTA

Aplicación		DESCRICIÓN	Créditos iniciais	Modificación de crédito	Créditos finais
<i>Progr.</i>	<i>Económica</i>				
933	63200	Cambio en Cuberta no Polideportivo de Caión	0.00	69.558,69	69.558,69





Aplicación		DESCRICIÓN	Créditos iniciais	Modificación de crédito	Créditos finais
Progr.	Económica				
1532	61901	Mellora e substitución de beirarrúas para o cumprimento das condicións de accesibilidade	0.00	168.102,94	168.102,94
		TOTAL		237.661,63	237.661,63

INVESTIMENTOS DADOS DE BAIXA

Aplicación		DESCRICIÓN	Créditos iniciais	Modificación de crédito	Créditos finais
Progr.	Económica				
454	61900	Mellora na capa de rodadura dos camiños rurais nas parroquias de Coiro e Lemaio	75.796,59	75.796,59	0.00
454	61900	Afirmado e mellora da capa de rodadura de camiños rurais en Cabovilaño, Lendo e Soutullo	73.312,94	73.312,94	0.00
454	61900	Afirmado e mellora da capa de rodadura de camiños en camiño rural AC-400 Vista Alegre e Soandres	88.552,10	88.552,10	0.00
		TOTAL	237.661,63	237.661,63	0.00

SEGUNDO. Exponer este expediente ao público mediante anuncio inserto no Boletín Oficial da Provincia, por quince días, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno. O expediente considerarase definitivamente aprobado se durante o citado prazo non se houberen presentado reclamacións; en caso contrario, el Pleno dispondrá de un prazo de un mes para resolverlas”.

Visto o informe da interventora, o asunto é sometido a votación, resultando que o Pleno da Corporación, co





ditame favorable da Comisión Informativa Permanente de Asuntos Económicos, Facenda e Especial de Contas, adopta, *por catorce (14) votos a favor dos concelleiros dos grupos políticos municipais do P.P. e do BNG e tres (3) abstencións correspondente aos concelleiros dos grupos políticos municipais dos Socialistas de Galicia-PSOE e Mixto*, o seguinte **ACORDO**:

PRIMEIRO. Aprobar inicialmente a modificación do ANEXO DE INVESTIMENTOS de acordo cos seguintes cadros:

INVESTIMENTOS DADOS DE ALTA

Aplicación		DESCRICIÓN	Créditos iniciais	Modificación de crédito	Créditos finais
Progr.	Económica				
933	63200	<i>Cambio en Cuberta no Polideportivo de Caión</i>	0.00	69.558,69	69.558,69
1532	61901	<i>Mellora e substitución de beirarrúas para o cumprimento das condicións de accesibilidade</i>	0.00	168.102,94	168.102,94
		TOTAL		237.661,63	237.661,63

INVESTIMENTOS DADOS DE BAIXA

Aplicación		DESCRICIÓN	Créditos iniciais	Modificación de crédito	Créditos finais
Progr.	Económica				
454	61900	<i>Mellora na capa de rodadura dos camiños rurais nas parroquias de Coiro e Lemaio</i>	75.796,59	75.796,59	0.00
454	61900	<i>Afirmado e mellora da capa de rodadura de camiños rurais en Cabovilaño, Lendo e Soutullo</i>	73.312,94	73.312,94	0.00





Aplicación		DESCRICIÓN	Créditos iniciais	Modificación de crédito	Créditos finais
<i>Progr.</i>	<i>Económica</i>				
454	61900	<i>Afirmado e mellora da capa de rodadura de camiños en camiño rural AC-400 Vista Alegre e Soandres</i>	88.552,10	88.552,10	0.00
		TOTAL	237.661,63	237.661,63	0.00

SEGUNDO. Expoñer este expediente ao público mediante anuncio inserto no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios da Corporación, por quince días, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno.

TERCEIRO.- Aprobar con carácter definitivo, sen necesidade de novo acordo plenario o referido expediente, se contra o mesmo non se presentasen reclamacións durante o período de exposición pública, en caso contrario, o Pleno disporá dun prazo de un mes para resolvelas.

CUARTO.- Remitir copia do expediente á Administración do Estado, así como á Xunta de Galicia para o seu coñecemento e efectos oportunos.

4.- MODIFICACIÓN DA BASE Nº 20 DAS BASES DE EXECUCIÓN DO ORZAMENTO XERAL DO CONCELLO PARA O ANO 2016.-

O secretario da lectura ao ditame emitido pola Comisión Informativa Permanente de Asuntos Económicos, Facenda e Especial de Contas, en relación co presente asunto, onde se deu conta do expediente formado en relación co asunto do epígrafe sinalando que a proposta da Alcaldía manifesta:

“Esta alcaldía propón ao Pleno do Concello a modificación da Base de Execución número 20ª das aprobadas xunto co Orzamento Xeral para o ano 2016, no relativo ás subvencións consignadas no Estado de Gastos do mesmo, nos seguintes aspectos:





Concello da Laracha

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413

C.I.F. P-1504200-E

www.alaracha.es

1.- No orzamento xeral do Concello para o exercicio 2016 inclúese, na aplicación orzamentaria 338.489,00, crédito destinado á convocatoria en réxime de concorrencia competitiva, de subvencións a entidades para a celebración de festexos populares. Non obstante, e ao existir unha única comisión de festexos por parroquia, e de cara a unha maior eficacia na xestión administrativa do expediente das subvencións, considérase mellor opción a inclusión das mesmas como subvencións nominativas no orzamento, e o seu posterior desenvolvemento a través dos oportunos convenios reguladores das mesmas. Para elo propónse a inclusión das seguintes subvencións nominativas non previstas inicialmente:

- Subvención nominativa á Garda Civil pola Festa da súa Patroa para o financiamento dos gastos derivados da organización do seu festexo: 900 euros
- Subvención nominativa á Asociación Xunta parroquial Mosteiro de San Pedro de Soandres para o financiamento dos gastos derivados da organización dos festexos populares: 2.000,00 euros
- Subvención nominativa á Comisión de Festas de Lestón para o financiamento dos gastos derivados da organización dos festexos populares: 2.450,00 euros
- Subvención nominativa á Comisión de Festas de Golmar para o financiamento dos gastos derivados da organización dos festexos populares: 1.750,00 euros
- Subvención nominativa á Comisión de Festas de Lemaio para o financiamento dos gastos derivados da organización dos festexos populares: 950,00 euros
- Subvención nominativa á Comisión de Festas de Montemaior para o financiamento dos gastos derivados da organización dos festexos populares: 1.750,00 euros
- Subvención nominativa á Comisión de Festas de Vilaño para o financiamento dos gastos derivados da organización dos festexos populares: 1.750,00 euros
- Subvención nominativa á Comisión de Festas de Torás para o financiamento dos gastos derivados da organización dos festexos populares: 8.000,00 euros
- Subvención nominativa á Asociación cultural e deportiva San Román de Cabovilaño para o financiamento dos gastos derivados da organización dos festexos populares: 2.000,00 euros
- Subvención nominativa á Asociación cultural e deportiva Peña Royal de Caión, para o financiamento dos gastos derivados da organización dos festexos populares: 2.450,00 euros
- Subvención nominativa á Comisión de Festas de Erboedo para o financiamento dos gastos derivados da





Concello da Laracha

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413

C.I.F. P-1504200-E

www.alaracha.es

organización dos festexos populares: 950,00 euros

• *Subvención nominativa á Comisión de Festas de Soutullo para o financiamento dos gastos derivados da organización dos festexos populares: 950,00 euros*

• *Subvención nominativa á Agrupación deportiva San Julián de Coiro para o financiamento dos gastos derivados da organización dos festexos populares: 950,00 euros”*

Antonio Antelo Añón, portavoz do grupo político municipal Mixto, manifesta que é o mesmo ca outros anos agás a da Guardia Civil que non a había, anunciando que votará a favor.

Eladio Verdía García, portavoz do grupo político municipal dos Socialistas de Galicia-PSOE, manifesta que vanse a abster.

Xoán Manoel Sande Muñiz, portavoz do grupo político municipal do BNG, di que non atopan xustificada unha subvención á Guardia Civil e que hai outras necesidades.

O sr. alcalde contesta que hai moitos anos que o concello colabora coa festa da Garda Civil pagando unha parte e que este ano, ao non ser un acto organizado polo concello, a forma de seguir colaborando enténdese que debe ser mediante unha subvención nominativa, explicando que este ano preveuse unha cantidade correspondente a dúas anualidades e que en 2017 de ser o caso, baixará practicamente á metade.

Visto o informe da interventora, o asunto é sometido a votación, resultando que o Pleno da Corporación, co ditame favorable da Comisión Informativa Permanente de Asuntos Económicos, Facenda e Especial de Contas, adopta **por trece (13) votos a favor dos concelleiros dos grupos políticos municipais do P.P. e Mixto e catro (4) abstencións correspondente aos concelleiros dos grupos políticos municipais do B.N.G. e dos Socialistas de Galicia-PSOE**, o seguinte **ACORDO**:

PRIMEIRO.- Aprobar inicialmente a modificación da Base de Execución número 20ª das aprobadas xunto co Orzamento Xeral para o ano 2015, no relativo ás subvencións consignadas no Estado de Gastos do mesmo, consistentes na inclusión das seguintes subvencións nominativas non previstas inicialmente:





Concello da Laracha

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413

C.I.F. P-1504200-E

www.alaracha.es

- Subvención nominativa á Garda Civil pola Festa da súa Patroa para o financiamento dos gastos derivados da organización do seu festexo: 900€
- Subvención nominativa á Asociación Xunta parroquial Mosteiro de San Pedro de Soandres para o financiamento dos gastos derivados da organización dos festexos populares: 2.000,00 euros
- Subvención nominativa á Comisión de Festas de Lestón para o financiamento dos gastos derivados da organización dos festexos populares: 2.450,00 euros
- Subvención nominativa á Comisión de Festas de Golmar para o financiamento dos gastos derivados da organización dos festexos populares: 1.750,00 euros
- Subvención nominativa á Comisión de Festas de Lemaio para o financiamento dos gastos derivados da organización dos festexos populares: 950,00 euros
- Subvención nominativa á Comisión de Festas de Montemaior para o financiamento dos gastos derivados da organización dos festexos populares: 1.750,00 euros
- Subvención nominativa á Comisión de Festas de Vilaño para o financiamento dos gastos derivados da organización dos festexos populares: 1.750,00 euros
- Subvención nominativa á Comisión de Festas de Torás para o financiamento dos gastos derivados da organización dos festexos populares: 8.000,00 euros
- Subvención nominativa á Asociación cultural e deportiva San Román de Cabovilaño para o financiamento dos gastos derivados da organización dos festexos populares: 2.000,00 euros
- Subvención nominativa á Asociación cultural e deportiva Peña Royal de Caión, para o financiamento dos gastos derivados da organización dos festexos populares: 2.450,00 euros
- Subvención nominativa á Comisión de Festas de Erboedo para o financiamento dos gastos derivados da organización dos festexos populares: 950,00 euros
- Subvención nominativa á Comisión de Festas de Soutullo para o financiamento dos gastos derivados da organización dos festexos populares: 950,00 euros
- Subvención nominativa á Agrupación deportiva San Julián de Coiro para o financiamento dos gastos derivados da organización dos festexos populares: 950,00 euros

SEGUNDO.- Someter a información pública polo prazo de 15 días hábiles a modificación mediante a publicación de anuncio no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios da Corporación.





Concello da Laracha

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413

C.I.F. P-1504200-E

www.alaracha.es

TERCEIRO.- Aprobar con carácter definitivo, sen necesidade de novo acordo plenario, a referida modificación se non se presentasen reclamacións durante o período de exposición pública.

CUARTO.- Publicar un resumo do Orzamento a nivel de capítulos, unha vez aprobada a modificación da base de execución, no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios da Corporación, con ofrecemento dos recursos que en Dereito procedan.

QUINTO.- Remitir copia do expediente á Administración do Estado, así como á Xunta de Galicia para o seu coñecemento e efectos oportunos.

5.- MODIFICACIÓN PLAN DE ACCIÓN SOCIAL (PAS) 2015.-

O secretario da lectura ao ditame emitido pola Comisión Informativa Permanente de Asuntos Xerais do Pleno, en relación co presente asunto, onde se deu conta das obras incluídas no citado Plan e de que consta no expediente:

1º.- Acordo do Pleno da Corporación do 16 de decembro de 2015 aprobando a participación no **PLAN DE ACCIÓN SOCIAL (PAS) 2015** de acordo coas Bases reguladoras aprobadas polo Pleno da Deputación Provincial en sesión ordinaria do día 8 de outubro de 2015, e publicadas no BOP nº 196 do 14 de outubro de 2015.

2º.- Requirimento da Deputación Provincial da Coruña do 2 de febreiro de 2016, instando ao concello da Laracha a eliminar os investimentos: “Mellora de capa de rodadura do camiños rurais nas parroquias de Coiro e Lemaio”, “Afirmado e mellora de capa de rodadura de camiños rurais nas parroquias de Cabovilaño, Lendo e Soutullo” e “Afirmado e mellora de capa de rodadura do camiño rural AC 400-Vista Alegre, parroquia de Soandres”, ao entender que non teñen carácter social no sentido previsto na base 2.2 das reguladoras do PAS 2015.

3º.- Novos proxectos financeiramente sostibles de carácter social: *“Melloras e substitución de beirarrúas*





para o cumprimento das condicións de accesibilidade (Orden VIV/561/2010 e prazos do RD legislativo 1/2013) na rúa Epifanio Campo Núñez e para Mellora dos accesos ao Centro de saúde (Fase 1)” e “Cambio de cuberta no polideportivo de Caión”.

4º.- Memorias económicas da Alcaldía específicas para cada novo investimento.

5º.- Informes xustificativos do carácter social dos novos investimentos

6º.- Informes técnicos sobre os novos investimentos

7º.- Informes da arquitecta técnica municipal e do secretario sobre a dispoñibilidade dos terreos en cada un dos novos proxectos técnicos.

8º.- Informes da interventora específico para cada novo investimento.

O asunto é sometido a votación, resultando que o Pleno da Corporación, co ditame favorable da Comisión Informativa Permanente de Asuntos Xerais do Pleno, adopta, **por quince (15) votos a favor dos concelleiros dos grupos políticos municipais do PP, do B.N.G e Mixto** e dúas (2) abstencións correspondentes aos concelleiros do grupo político municipal dos Socialistas de Galicia-PSOE, o seguinte **ACORDO**:

PRIMEIRO.- Modificar o acordo adoptado polo Pleno da Corporación na sesión extraordinaria de 16 de decembro de 2015 relativo ao **PLAN DE ACCIÓN SOCIAL (PAS) 2015** da Deputación Provincial da Coruña, no sentido de eliminar os investimentos financeiramente sostibles requiridos pola Deputación Provincial da Coruña ao entender que non teñen carácter social no sentido previsto na base 2.2 das reguladoras do PAS 2015:

Denominación da obra	Deputación	Concello	Orzamento
Mellora de capa de rodadura do camiños rurais nas parroquias de Coiro e Lemaio	75796,59	0,00	75796,59



**Concello da Laracha**

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413

C.I.F. P-1504200-E

www.alaracha.es

Afirmado e mellora de capa de rodadura de camiños rurais nas parroquias de Cabovilaño, Lendo e Soutullo	72972,11	340,83	73312,94
Afirmado e mellora de capa de rodadura do camiño rural AC 400-Vista Alegre, parroquia de Soandres	88000,00	552,10	88552,10

SEGUNDO.- Modificar o acordo adoptado polo Pleno da Corporación na sesión extraordinaria de 16 de decembro de 2015 relativo ao **PLAN DE ACCIÓN SOCIAL (PAS) 2015** da Deputación Provincial da Coruña, no sentido de incluír os seguintes investimentos financeiramente sostibles de carácter social, de acordo co financiamento que se especifica, aprobando os seus proxectos das obras:

Denominación da obra	Deputación	Concello	Orzamento
Melloras e substitución de beirarrúas para o cumprimento das condicións de accesibilidade (Orden VIV/561/2010 e prazos do RD legislativo 1/2013) na rúa Epifanio Campo Núñez e para Mellora dos accesos ao Centro de saúde (Fase 1)	167550,84	552,10	168102,94
Cambio de cuberta no polideportivo de Caión	69217,86	340,83	69558,69

Polo anterior o resumo dos investimentos financeiramente sostibles de carácter social é o seguinte:

Denominación da obra	Deputación	Concello	Orzamento
Melloras e substitución de beirarrúas para o cumprimento das condicións de accesibilidade (Orden VIV/561/2010 e prazos do RD legislativo 1/2013) na rúa Epifanio Campo Núñez e para Mellora dos accesos ao Centro de saúde (Fase 1)	167550,84	552,10	168102,94





Denominación da obra	Deputación	Concello	Orzamento
Cambio de cuberta no polideportivo de Caión	69217,86	340,83	69558,69
Afirmado e mellora de capa de rodadura de camiños rurais na parroquia de Torás	103104,61	0,00	103104,61
SUBTOTAL INVESTIMENTOS DE CARÁCTER SOCIAL	339873,31	892,93	340766,24

TERCEIRO.- Declarar que o concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución dos novos investimentos, e que ten resolto o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias, segundo a Base 2.1 D) das Bases Reguladoras do Plan de Acción Social (PAS) 2015.

CUARTO.- Comprometer ao Concello a modificar o Orzamento Municipal do 2016 para dispor dos fondos necesarios na aplicación orzamentaria correspondente para facer fronte á achega municipal das novas obras incluídas neste Plan.

QUINTO.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña, a delegación neste Concello da contratación e execución das novas obras incluídas no plan, que se entenderá aceptada si esta prodúcese efectivamente.

SEXTO.- Declarar que o concello solicitou subvención da Deputación Provincial da Coruña para “*cambio de cuberta do polideportivo de Caión*” a abeiro da convocatoria do programa de subvencións a concellos e outras entidades locais para a realización de investimentos deportivos durante o ano 2016 (B.O.P. nº 221 de 18/11/2015), mediante acordo da Xunta de Goberno Local do 17 de decembro de 2015, mais na sesión extraordinaria da Xunta de Goberno Local celebrada no día de onte, acordouse cambiar o obxecto da referida solicitude unha vez coñecida a resolución de concesión provisional de conformidade coa base 8.4 das bases xerais da convocatoria, en tanto que o mal estado da cubrición determina a necesidade de dar prioridade a este investimento que quedará garantido mediante a súa inclusión no Plan de Acción Social 2015.





SÉTIMO.- Facultar expresamente ao sr. Alcalde-Presidente para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.

6.- DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA DE 26/01/2016 A 17/03/2016.-

O secretario da Corporación procede a dar conta ao Pleno da Corporación de que desde a convocatoria da anterior sesión ordinaria do Pleno da Corporación o ata o pasado 17 de marzo de 2016 (día anterior á convocatoria da presente sesión plenaria), pola Alcaldía ditáronse as Resolucions nº 31/2016 a nº 188/2016, non obstante, advírtese de que non foi remitida a relación detallada aos portavoces aos efectos de control e fiscalización dos órganos de goberno, quedando polo tanto pendentes de dar conta ata a vindeira sesión ordinaria, sen prexuízo de facerllas chegar canto antes para o seu coñecemento e control.

7.- MOCIÓNS, ROGOS E PREGUNTAS.-

O sr. Presidente nesta parte da sesión ordinaria dedicada ao control dos órganos de goberno, pregunta si algún grupo desexa tratar algunha **MOCIÓN** polo procedemento de urxencia, engadindo que tendo en conta que o contido das presentadas polo grupo político municipal dos Socialistas de Galicia-PSOE (registro de entrada nº 1682/2016) e do PP (registro de entrada nº 1704/2016) polos portavoces dos catro grupos políticos municipais preséntase a seguinte moción de común acordo relativa á incorporación ao Padrón do Imposto de Bens Inmóveis de instalacións rústicas que ata agora estaban exentas tralo proceso de regularización catastral que se está a desenvolver en Galicia polo Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, solicita ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte ACORDO:

PRIMEIRO.- Solicitar unha moratoria do Ministerio de Facenda para que este proceso non se desenvolva sen ter suficientemente valoradas as peculiaridades e a idiosincrasia dos concellos de Galicia. Que se modifique o Decreto 1020/1993 no sentido de incluír un coeficiente de deprezación funcional (entre 0,20 e o 0,80) para as edificacións destinadas a usos agrarios, extensible aínda estas estean sen uso por cese de dita





actividade.

SEGUNDO.- Trasladar ao Ministerio de Facenda a necesidade de que as explotacións agrarias e gandeiras teñan exencións o máis amplas posibles na súa tributación.

TERCEIRO.- Que se establezan fórmulas de colaboración a través da FEGAMP para prestarlles o asesoramento preciso aos concellos de Galicia que o soliciten en relación ás súas competencias normativas no IBI e a repercusión que estas poidan ter no seu ámbito financeiro e de equilibrio orzamentario.

CUARTO.- Dirixirse ao Goberno central para que aprobe unha exención da taxa prevista no proceso de regularización catastral 2013-2016 a futuro e que devolva as xa ingresadas nos supostos que afecten ás construcións indispensables para o desenvolvemento de explotacións agrícolas, gandeiras ou forestais situadas en solo rústico.

QUINTO.- Establecer o máximo permitido de bonificación do 95% da cota íntegra do IBI para os bens inmobles nos cales se desenvolvan actividades agrícolas ou gandeiras.

SEXTO.- Para as explotacións agrícolas e gandeiras o coeficiente de tributación a aplicar sobre o valor catastral será de o 0,3%.

O sr. alcalde procede a **someter a votación a urxencia** da moción resultando que foi votada en sentido favorable *por unanimidade dos membros presentes*, dando paso ao debate do fondo do asunto.

Sometido a votación **o fondo do asunto** resulta que, o Pleno Corporación *por unanimidade dos membros presentes*, adopta o seguinte acordo:

PRIMEIRO.- Solicitar unha moratoria do Ministerio de Facenda para que este proceso non se desenvolva sen ter suficientemente valoradas as peculiaridades e a idiosincrasia dos concellos de Galicia. Que se modifique o Decreto 1020/1993 no sentido de incluír un coeficiente de depreciación funcional (entre 0,20 e o





Concello da Laracha

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413

C.I.F. P-1504200-E

www.alaracha.es

0,80) para as edificacións destinadas a usos agrarios, extensible aínda estas estean sen uso por cese de dita actividade.

SEGUNDO.- Trasladar ao Ministerio de Facenda a necesidade de que as explotacións agrarias e gandeiras teñan exencións o máis amplas posibles na súa tributación.

TERCEIRO.- Que se establezan fórmulas de colaboración a través da FEGAMP para prestarlles o asesoramento preciso aos concellos de Galicia que o soliciten en relación ás súas competencias normativas no IBI e a repercusión que estas poidan ter no seu ámbito financeiro e de equilibrio orzamentario.

CUARTO.- Dirixirse ao Goberno central para que aprobe unha exención da taxa prevista no proceso de regularización catastral 2013-2016 a futuro e que devolva as xa ingresadas nos supostos que afecten ás construcións indispensables para o desenvolvemento de explotacións agrícolas, gandeiras ou forestais situadas en solo rústico.

QUINTO.- Establecer o máximo permitido de bonificación do 95% da cota íntegra do IBI para os bens inmoebles nos cales se desenvolvan actividades agrícolas ou gandeiras.

SEXTO.- Para as explotacións agrícolas e gandeiras o coeficiente de tributación a aplicar sobre o valor catastral será de o 0,3%.

A continuación toma a palabra o grupo político municipal dos Socialistas de Galicia-PSOE, quen presenta as seguintes **MOCIÓNS**:

1ª.- Nº REXISTRO 1681/2016.-

Eladio Verdía García, portavoz do grupo municipal dos Socialistas de Galicia-PSOE, en relación coa posta en marcha da *Ley Orgánica para la Mejora de la Calidad Educativa* (LOMCE), presenta para o seu debate e aprobación en Pleno da Corporación o seguinte ACORDO:





Concello da Laracha

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413

C.I.F. P-1504200-E

www.alaracha.es

1.- Instar á Consellería de Educación da Xunta de Galicia a que paralice de inmediato o calendario de aplicación da LOMCE así como a suprimir as avaliacións (“reválidas”) de 3º e 6º de Educación Primaria.

José Ramón Martínez Barbeito, portavoz do grupo político municipal do P.P., argumenta a posición contraria do seu grupo político municipal á urxencia da moción, manifestando que a LOMCE publicouse hai dous anos e medio (decembro de 2013) e que contempla un calendario de aplicación que lévase demostrado que se pode cumprir, debendo cumprir calquera administración a lexislación vixente e quedando demostrado o curso pasado que as probas de avaliación non teñen carácter de reválida. Engade que o PSOE contradise ao facer estas probas con carácter autonómico en Andalucía e criticando que a Lei orgánica fixe a necesidade de avaliacións sen repercusións académicas, senón para coñecer as necesidades de mellora e reforzo dos rapaces e dos centros. Remata dicindo que o calendario foi flexibilizado dando maior autonomía ás CC.AA. na aplicación da proba de 6º de Primaria.

Engade o sr. alcalde que está de acordo na necesidade de chegar a un grande acordo estatal a nivel educativo, non obstante non están de acordo na argumentación e urxencia da moción presentada xa que, manifesta, hai que ter miras a longo prazo e deixar a un lado as cuestións partidistas.

O sr. Verdía García contesta que en Andalucía, o mesmo que a Xunta de Galicia, cumpren a Lei, e engade que un Ministro no seu día tentou poñer de acordo a todos os grupos e conseguíuno con todos agás co PP, e ninguén apoiou a LOMCE, nin universidades, nin mestres, e remata dicindo que o horizonte temporal das leis de educación debería cando menos 25 anos.

Xoán Manoel Sande Muñiz, portavoz do grupo político municipal do BNG, manifesta que votarán a favor da urxencia aínda que pensan que habería que ir máis alá e derrogar a Lei, sendo necesario un consenso político e coa comunidade educativa que está totalmente en contra desa Lei.

Sometida a votación a urxencia da moción, obtívose o seguinte resultado: **doce (12) votos en contra dos concelleiros do grupo político municipal do PP e cinco (5) a favor dos concelleiros dos grupos municipais dos Socialistas do BNG, Socialistas de Galicia-PSOE e Mixto**, quedando, en consecuencia, **desestimada a**





Concello da Laracha

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413

C.I.F. P-1504200-E

www.alaracha.es

mesma.

A continuación, toma a palabra o grupo municipal do BNG, quen presenta as seguintes **MOCIÓNS**:

1.- Nº REXISTRO 1078/2016.-

Carolina Castiñeiras Brandón, concelleira do grupo político municipal do B.N.G., manifesta que aínda que ten pasado o día 8 de marzo “Día Internacional da Muller” consideran importante igualmente presentar a moción en tanto que a realidade continúa a evidenciar que a crise agravou a situación de desigualdade e precariedade das mulleres, solicitando do Pleno da Corporación a adopción do seguinte ACORDO:

1. Instar ao goberno da Xunta de Galiza a dar cumprimento ao artigo 37 da Lei do traballo en igualdade das mulleres de Galiza e elaborar un Plan galego de emprego feminino que inclúa, entre outras medidas, axudas específicas para a creación de empresas femininas de mulleres con especial atención ás mulleres mozas e ás de máis de 45 anos e a creación dunha Renda de Inserción Laboral para mulleres desempregadas de máis de 50 anos, cunha vida laboral igual ou superior a 30 anos de cotización e que tivesen esgotado as prestacións.
2. Instar ao goberno da Xunta a elaborar un Plan de corresponsabilidade que inclúa actuacións para facilitar a conciliación da vida persoal e familiar conforme a lexislación vixente.
3. Apoiar publicamente e chamar á participación das veciñas e veciños nos actos e reivindicacións das organizacións e colectivos feministas locais e comarcais.

O sr. alcalde manifesta que sen entrar a un análise polo miúdo trátase simplemente de instar á Xunta a adoptar medidas polo que apoiarán a moción ao ser beneficioso para as mulleres da Laracha.

O sr. alcalde procede a **someter a votación a urxencia** da moción resultando que foi votada en sentido favorable ***por unanimidade dos membros presentes***, dando paso ao debate do fondo do asunto.





Concello da Laracha

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413

C.I.F. P-1504200-E

www.alaracha.es

Sometido a votación **o fondo do asunto** resulta que, o Pleno Corporación *por unanimidade dos membros presentes*, adopta o seguinte acordo:

1. Instar ao goberno da Xunta de Galiza a dar cumprimento ao artigo 37 da Lei do traballo en igualdade das mulleres de Galiza e elaborar un Plan galego de emprego feminino que inclúa, entre outras medidas, axudas específicas para a creación de empresas femininas de mulleres con especial atención ás mulleres mozas e ás de máis de 45 anos e a creación dunha Renda de Inserción Laboral para mulleres desempregadas de máis de 50 anos, cunha vida laboral igual ou superior a 30 anos de cotización e que tivesen esgotado as prestacións.
2. Instar ao goberno da Xunta a elaborar un Plan de corresponsabilidade que inclúa actuacións para facilitar a conciliación da vida persoal e familiar conforme a lexislación vixente.
3. Apoiar publicamente e chamar á participación das veciñas e veciños nos actos e reivindicacións das organizacións e colectivos feministas locais e comarcais.

De seguido o grupo político municipal dos Socialistas de Galicia-PSOE. formula as seguintes **PREGUNTAS:**

1º.- Nº REXISTRO 1658/2016.-

Eladio Verdía García, portavoz do grupo municipal dos Socialistas de Galicia-PSOE, en relación coa promesa do goberno municipal de habilitar despachos para os grupos da oposición e que a día de hoxe aínda non é unha realidade, formula a seguinte pregunta: para cando os grupos da oposición poderán contar con esta infraestrutura para poder exercer a súa actividade?.

O sr. alcalde explica que xa falou cos portavoces que trala aprobación do orzamento para 2016 habería catro despachos no 2º andar do edificio de servizos múltiples, polo que estarán dispoñibles tan pronto como sexa posible, de xeito parte do material xa está alí.





2º.- Nº REXISTRO 1690/2016.-

Eladio Verdía García, portavoz do grupo municipal dos Socialistas de Galicia-PSOE, en relación coa publicación no DOG o 19 de febreiro do cambio de titularidade das beirarrúas da estrada AC-552 ao seu paso polos núcleos urbanos de Paiosaco e A Laracha, formula as seguintes preguntas: cales son os motivos polos que o goberno local solicitou esta transferencia?, e tamén gustaríanos saber se con esta transferencia asumen todas as tarefas de xestión. Mantemento, conservación e explotación dos puntos quilométricos traspassados ou só das beirarrúas?.

O sr. alcalde contesta que a Resolución é de cesión das beirarrúas, exclusivamente para axilizar as tramitacións, mesmo dos vaos. Engade que as beirarrúas ata os extremos dos núcleos da Laracha e Paiosaco, agás o último tramo que financiou a Xunta, xa as financiou o concello, de xeito que esta transferencia outorga máis posibilidades para conservar máis rapidamente sen necesidade de autorizacións previas da Xunta.

3º.- Nº REXISTRO 1689/2016.-

Eladio Verdía García, portavoz do grupo municipal dos Socialistas de Galicia-PSOE, en relación cunha moción presentada en xaneiro pedindo a mediación do goberno local para manter unha reunión do Delegado provincial para a unificación de horarios e a implantación da xornada única no C.E.I.P., desestimada polo goberno municipal, formula a seguinte pregunta: cales foron os motivos para votar en contra, cando despois tomaron a decisión de mediar co Delegado de Educación para manter unha reunión coa comunidade educativa para a implantación da xornada única?.

O sr. alcalde explica que en calquera centro educativo do concello, si a ANPA ou a dirección se dirixe ao goberno municipal, desde hai moito tempo fan esas xestións e acompañanos á reunión, desde sempre, poñendo de exemplo cando Lendoiro foi Secretario Xeral de Deportes.

Discuten neste momento o por que de negar a acción política, contestando o portavoz do grupo político





Concello da Laracha

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413

C.I.F. P-1504200-E

www.alaracha.es

municipal do P.P., José Ramón Martínez Barbeito, que a reunión solicitada xa estaba confirmada nese momento.

O sr. alcalde dille ao sr. Verdía García que non ten sentido traer esta pregunta aquí, insistindo o sr. Verdía García en preguntar por que votaron en contra, contestando o sr. alcalde que como van votar a favor do que xa están facendo.

E non tendo mais asuntos que tratar, o sr. alcalde levanta a sesión sendo as 14 horas e 17 minutos, da que como secretario estendo a presente acta e dou fe da mesma, asinándoa dixitalmente xunto ao sr. alcalde-presidente.

A presente acta da sesión extraordinaria celebrada o 23 de marzo de 2016 foi sometida a aprobación do Pleno da Corporación na sesión do 27 de abril de 2016, na que se advertiu a existencia de erros materiais cuxa rectificación foi acordada *por unanimidade dos membros presentes* e que son as seguintes:

- na moción presentada de común acordo polos catro grupos políticos municipais relativa á incorporación ao Padrón do Imposto de Bens Inmóbeis de instalacións rústicas que ata agora estaban exentas tralo proceso de regularización catastral que se está a desenvolver en Galicia polo Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, no apartado sexto onde di: “o coeficiente de tributación a aplicar sobre o valor catastral será de o 3%”, debe dicir “o coeficiente de tributación a aplicar sobre o valor catastral será de o 0,3%”.
- erro na votación do punto 4º da orde do día de xeito que onde di: “por catorce (14) votos a favor dos concelleiros dos grupos políticos municipais do P.P. e do BNG e tres (3) abstencións correspondente aos concelleiros dos grupos políticos municipais dos Socialistas de Galicia-PSOE e Mixto” debe dicir “por trece (13) votos a favor dos concelleiros dos grupos políticos municipais do P.P. e Mixto e catro (4) abstencións correspondente aos concelleiros dos grupos políticos municipais do B.N.G. e dos Socialistas de Galicia-PSOE”





Concello da Laracha

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413

C.I.F. P-1504200-E

www.alaracha.es

A Laracha, 13 de maio de 2016

Documento asinado dixitalmente polo secretario da Corporación, Miguel Iglesias Martínez.

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.alaracha.es> (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)."

